

As pradelas da mar

Eduardo Moreiras

Formas de citación recomendadas


1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

MOREIRAS, EDUARDO (2011 [1981]). “As pradelas da mar”. *Nordés*. “Ollo de vidro”: 3 (II Data), 31-34. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/784>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

MOREIRAS, EDUARDO (1981). “As pradelas da mar”. *Nordés*. “Ollo de vidro”: 3 (II Data), 31-34.

* Edición dispoñíbel desde o 20 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.



OLLO DE VIDRIO

AS PRADELAS DA MAR

por EDUARDO MOREIRAS

Aquilino Iglesia Alvariño publicou «Cómaros Verdes» no ano 1947, en Villagarcía de Arousa. Coma sempre pasa, a mar das rías Baixas —i especialmente a de Vilagarcía, co misterio dos piñeirais deitados na ribeira, a mística arela da terra lonxana no solpor, chea de luz e saudade— encheu de beleza o corazón do poeta. Un dos máis fermosos poemas do libro, «Olas salgadas», no que o poeta evoca a terra soitaria «en doces brazos de auga adormecida», é unha crara mostra da impresión da mar na estética alvariñana de «Cómaros Verdes», pouco estudada hastra agora.

Moitas son as posibilidades que a presenza da mar ofrece ao espírito caletrante do poeta: dende os delicados xogos albertianos cun mar andaluz antesoñado até a profunda ollada mística de Juan Ramón que apreixa na mar o símbolo vivificante de Deus, os poetas catan na mar unha serie de contidos poéticos diversos que van dende a agonía mística deica o asombro dunha beleza sempre infinda. A mar actúa coma un profundo aguillón no espírito creador. As arelas fáusticas de infinitude achan a súa realidade viva nisas lonxanías lumiosas apenas bicadas pola brisa. Para outros, a mar é a representación terrificante do abismo —da morte—; a inseguridade anguriente do ser vivo fronte á vida. «El pequeño barco —di Pimentel no limiar de «Barco sin luces»— ha sido empujado a la mar, que

es el morir». Coma nas Coplas de Jorge Manrique. A mar non é xamáis neutral.

Hai, pois, por unha banda, a dialéctica tráxica da mar pimenteliana, o terror da auga contra a auga (1), e, por outra banda, a mar paradisíaca de Vicente Aleixandre —«Olas sin paz que eternamente jóvenes —aquí rodais hasta mis pies intactos»— (2). Hai, tamén, o mar amoroso das Cantigas, apenas si soedade delicada, queixa de ausencia de amor; e a mar neutra, desrealizada, de Manuel Antonio.

¿Cómo se lle represeneta a mar arousana, de dondas paisaxes verdecentes, augas espellantes nos recantos dunha terra chea de maxia e saudade, a Aquilino Iglesia Alvariño? En primeiro lugar, a mar que o Aquilino acha nas terras da Arousa, é unha mar forte. Xa o dí craramente no poema «Olas salgadas», onde a mar xurde «terrible de inocencia, forte e bela». En segundo lugar, no Aquilino hai dúas mares que conflúen no plano do encontro co poema: unha mar interior, criatura poética froito da súa formación humanística, que il soupo cincelar en verso clásico; e unha mar allea increada pola mente poética, infinda de posibilidades coma a presenza do Absoluto na concencia da vida. A primeira, a mar espritoalmente recreada, a mar de Lesbia —«bicos a centos coma areias, coma olas longuísimas salgadas»— é fermosa saudade dun pasado cecáis feliz, que o poeta sinte nostalgicamente vivo no seu verso. A mar clásica, pechada en azul antre terras mediterráneas verdecentes, xurde en versos vibrantes, coma no poema «Ó longo das Ribeiras», tremelante de espranza e desañudamento da hora tristeira do vivir cotián, «insua erma sin páxaros nin ventos», pra rematar nunha liberación catársica do ser polo milagre do verso: «l-entón erguerei as velas todas».

Mas non é soio, en Aquilino Iglesia Alvariño, «unha mar parada docemente», nin tampouco a mar latina do riguroso verso, ondas azuis e ouro

[1] «¿Sabemos algo del drama del agua contra el agua?». L. Pimentel: «Descubrimiento». (Barco sin Luces). Lugo, 1960.

[2] Non podemos esquecer que o derradeiro poema de «Sombra del Paraíso», «La Isla», foi suxerido pola illa de «A Toxa». (Correspondencia de Vicente Aleixandre ao autor distas liñas, 1947-1950).

enleadas na estrofa. Aquilino é, xa se sabe, un prodixioso constructor do verso ben feito, sempre dono das súas verbas. É un poeta forte, un elixido pra cincelar, esculcar, caletrar no fondo das cousas. A mar, entón, enxergada fondamente, entrega o seu tesouro tráxico, aínda que se remanse e quebre «nos milleirás ardentes verdelouros». O poeta cata e caletra máis aló da forma inxel das cousas. E acha, cóma non, «unha mar con milleiros de barcos afundidos e arboladuras de silencio», chegando ao mesmo celme do segredo da mar con Manuel Antonio, «capitán de alto navío», que levara polo mundo o seu barco «a toas».

A mar, así pensada e matinada, é a mar tráxeca dos naufraxios, das inquedanzas e desacougos da vida, símbolo do destino tráxico do home. ¿Qué se pode agardar e cómo confiar, si ven a mar solermiñamente a arrebuñar deica o fondo de ser?. A mar que esborra as pegadas, os camiños da vida. Aquilino o dí nidiamente no pema «Noticia», prantexando así o dilema da beleza esparexida arredor prao pracer do home e a íntima desespranza do corazón doente: «Mar... navegada de sonos sin sentido —de sonos enleados— de oucas sonámbulas e cegas». Iste é un dos poemas máis graves e tráxicos da poesía galega actual —ou sexa, a do tempo inmorredoiro. Non hai cousa que amurche máis que un poema, si non ten a seiva forte que o fai perdurar vivo máis aló dos avatares do tempo dos homes.

Hai, pois, dúas tensións na poesía mariñeira de Aquilino Iglesia Alvariño: a beleza externa, que il cata e reintegra á beleza do poema, e a tráxica paixón que a mar parece levar en sí, coma símbolo de esquecemento e morte. Ista mar tráxica que obsede a terra, Aquilino a sinte latexar no miolo da vida, coma unha presenza ameazante concreta. Por algo nos bosques de Pondal, cheos de queixumes e saudades, pon unha distancia, unha mau lene, xusto no intre de ficar estarecido de dor, antre a mar invasora e o corazón enormemente sofridor, que arquexa o seu peito e o esnaquiza:

«Cómo medran hasta as estrelas as suas copas cheas de lapas de ouro.
Cómo se vai enchendo dun silencio macizo e fondo coma un mar.

«Sólo un perfume quente e silandeiro,
un silencio de angustia,
xogando á carriola,
na nave fonda e longa
que alongan que non sei
milleiros de colunas e longuísimas sombras.

O corazón daquela
ten un latir soturno e cóncavo». [3]

Voan, esbaran as ondas. E xa contra as estrelas, roula unha ola grave e fonda, de «lonxana música perdida».

Non é casual que un dos derradeiros poemas de «Cómaros Verdes» —exactamente, o penúltimo— estexa adicado a Vilagarcía de Arousa. Alí o poeta medrou espritoalmente e madurou. A súa voz fíxose requintada e baril. A súa voz comprida no silencio da Galicia erma dos anos coarenta. Alí soñou i evocou as terras outras montesías, reviviu esceas campesiñas, laborou os seus versos coma un artista do Lacio. Sempre esixente coa verba xusta que necesita o poema, e que vai sere, polo arte, novamente creada. E xurdíu milagreira, disa mar que vai furando, bacentá, nos buratos do corazón pra deitar a súa cárrega de misterio e traxedia, isa xoía leda, cintilante de beleza e de amor, que é o poema «Nunha gamela nova». A mar torna a sere a ledicia dos ollos, a dos solpores de ouro, dormida no colo da terra alumiada por unha luz que, cecáis, ninguén saberá de onde ven:

«Vilagarcía, leda de navíos,
dorme na miña i-alma, sono leve».

Vigo, febreiro, 1981

[3] A.I.A.: «Duardo Pondal». (Cómaros Verdes). Vilagarcía, 1947,